

## MESA SECTORIAL 17-06-2024

### Sentenza de vacacións cotizadas e non desfrutadas

O SERGAS informa da aplicación de “oficio” que ten prevista para esta sentenza gañada por CIG-Saúde:

- No mes de setembro esperan ter habilitada a modificación do FIDES:
  - para incluír de oficio os días de vacacións xerados nos contratos do SERGAS,
  - e, para que os/as profesionais poidan rexistrar os días de vacacións xerados en contratos de fóra do SERGAS.
- En xaneiro de 2025 esperan que esa información estea validada no FIDES e poidan empezar a valorar ese tempo traballado nos procesos de selección futuros.
- En canto aos trienios o SERGAS indica que ese tempo terano en conta para o perfeccionamento de trienios futuros.

**CIG-Saúde preguntamos** que vai a pasar cos **procesos de selección temporal que xa están en curso** e que deberían de valorarse ese tempo de vacacións cotizadas e non desfrutadas, o SERGAS reconece que de “oficio” NON os van valorar porque entenden que suporía a paralización de todos os procesos.

Polo que desde **CIG-Saúde seguiremos apoiando ás profesionais coa presentación de reclamacións en todos os procesos** de selección temporal, selección fixa e/ou mobilidade que están en curso.

Así mesmo, tamén continuaremos coas **reclamacións** para adiantar as datas de perfeccionamento dos **trienios** e os seus atrasos para que as persoas afectadas, que así o soliciten.

**Para máis información, dirixete aos/ás delegados/as de CIG-Saúde do teu centro**



XUÑO 2024

